

Tema 9

Os fluxos de comunicación.

1. *A cuestión da comunicación internacional ata o informe MacBride.*

Durante as dúas décadas seguintes á segunda guerra mundial, foi presuposición frecuente dos estudosos e asesores de comunicación dos países chamados occidentais que o incremento de libre circulación da información e o crecemento cuantitativo de medios contribuiría a activar funcións sociais promotoras do desenvolvemento económico e social. Tal era o presuposto das obras de Lerner (1958), Pye (1963) e Wilbur Schramm (1964), que guiaron boa parte das iniciativas nacionais e internacionais no eido da comunicación. Tamén durante esas dúas décadas, as políticas da UNESCO foron asistemáticas, orientadas cara a transferencia de técnicas e de modelos comunicativos dende as sociedades industriais (e moi nomeadamente dende os Estados Unidos de América) ás chamadas sociedades en desenvolvemento.

Algúns analistas advertíronnos das estratexias de colonización económica e cultural que se desenvolven tralo espellismo dos chamados *mass media* (Murciano 1982: 371). Xa dende a fin dos anos sesenta, viñeran criticándose os efectos dos medios sobre as chamadas sociedades periféricas (pomos por caso, na obra de A. Pasquali). Un certo número de académicos empezou a estudar as relacións de dependencia e a ollar con cautela os estudos unicamente cuantitativos e defensores a ultranza da “modernización”.

No ano 1968 a UNESCO iniciou un plano de investigación a longo prazo. Entre o vinte e o trinta de xuño de 1969, celebrouse en Montréal unha reunión para informar do curso das investigacións. Participaron nelan J. Halloran, G. Maletzeke, K. Nordenstreng e D. Smythe. As consideracións da reunión plasmáronse no libro de J. D. Halloran *Mass Media and Society*, (Paris, UNESCO, 1970). Os expertos queixáronse de que no espazo internacional a comunicación fose só comunicación nun único sentido, “comunicación unidireccional”. Indicaron tamén que decote as informacións dedicadas a países chamados subdesenvolvidos estaban moi determinadas polo punto de vista de xornalistas de países ricos, dando pé a malos tópicos e falsas imaxes dos países menos ricos¹. O texto de Halloran indicaba tamén o risco de que as institucións e dinámicas da comunicación poidan modificar ou desprazar valores culturais, secomasí desencadear problemas para a comprensión mutua das nacións. O grupo de Montréal indicou tamén que os resultados das investigacións de ámbito internacional haberían de ter carácter normativo.

Antes de continuar expendo a preocupación de certos investigadores pola dependencia informativa, cómpre lembrar que, na altura dos anos setenta, o noventa por cento da información internacional que logo se refacía ou adaptaba en moitos xornais e medios de grande tirada era a controlada por só catro axencias (United Press International, Associated Press, Reuter e France Press). Os analistas críticos non só se preocuparon da centralización da información, senón tamén da frecuencia das omisións e falseamentos nas noticias de axencia.

Dende a fin dos anos sesenta, foron cada vez máis os estudosos que mantiveron que a dependencia cultural e informativa desequilibra a circulación de información internacional. O estadounidense Herbert I. Schiller criticou dende a segunda metade dos anos sesenta a doutrina da libre circulación da información e a comunicación que contribuíu a crear a estrutura de dependencias da comunicación internacional. Segundo Schiller, a doutrina do *laissez faire* foi a que lle conviña a esferas dirixentes estadounidense despois da segunda guerra mundial, cando o pulo do capital norteamericano requería máis liberdade de acción internacional. De par das premisas de liberdade para os movementos de capital e mercaderías, cumpría algunha doutrina similar na esfera da cultura e a comunicación. Ó abeiro do consenso liberal da posguerra, non foi difícil atopar apoio internacional para a doutrina en novos organismos, apoio como o que deron a UNESCO en 1946 e a ONU en 1948.

Andando o tempo, despois do período das liberacións nacionais e descolonizacións dos cincuenta e sesenta, moitos países trataron de descolonizar a información e de intervenir no espazo informativo internacional coa creación de normativas correctoras e progresistas.

¹ Sobre as limitacións e propensións dos correspondentes véxanse tamén dous artigos recentes de Ulf Hannerz (1998^a, 1998b). Cf. U. Hannerz “Other Transnationals: perspectives gained from studying sideways”, *Paideuma*, 44: 109-23” e U. Hannerz “Of correspondents and collages” *Anthropological Journal of European Cultures* 7: 91-109. Tamén de Ulf Hannerz o libro *Foreign News*. Cf. U. Hannerz, *Foreign News*. Chicago, University of Chicago, 2004.

No cuarto cumio de xefes de estado de países non aliñados², celebrado en 1973 en Alxeria, falouse na posibilidade de desenvolver o que habería se-la *Nova orde internacional da comunicación e a información* (tal é a orixe do tópico que aínda hoxe é crucial e pouco determinado). En mil novecentos setenta e cinco creouse un “pool” composto por dez axencias de prensa de países non aliñados. En mil novecentos setenta e seis, en Túnez, no simposio de países non aliñados, abordouse a cuestión da descolonización da información. No quinto cumio de países non aliñados, celebrado en Colombo en 1976, declarouse que para adquirir independencia política e social é necesario o dereito a informar e ser informados obxectiva e correctamente. Tamén no cimo de Colombo, recomendouse establecer estratexias de cooperación dos países chamados do sur para desenvolver estruturas alternativas e fundadas en estruturas de comunicación nacionais autosuficientes. Desafortunadamente, o criterio de cooperación internacional chocou co confrontamento simplista entre este e oeste, trasposto ó confrontamento entre a cuestión da soberanía dos estados na determinación das políticas nacionais e internacionais de información e comunicación e, por outra banda, o criterio de cooperación quedou amortecido pola pouco específica doutrina da libre circulación de información.

Na decimonovena conferencia xeral da UNESCO, celebrada en Nairobi en 1976, discutiuse sobre os principios xerais que haberían rexe-la información internacional. A discusión foi, dalgún xeito, unha caste de reformulación da proposta soviética de 1970 e 1972 verbo dos dereitos dos gobernos a rectificar informacións erróneas e a prohibición de mensaxes racistas, bélicas e segregacionistas. Na reunión de Nairobi confiouse ó director xeral da UNESCO, Amadou Matar M Bow, a creación dunha comisión para o estudio da comunicación internacional. A comisión creouse en 1977. Formárona 16 membros de distintos países entre os cales estaban Gabriel García Márquez e o chileno Juan Somavia. O presidente da comisión foi o irlandés Séan McBride. A comisión elaborou un informe que adoita coñecerse co nome de informe McBride. Publicouse en forma de libro co título. “Un mundo só e moitas voces” (México-París, F.C.E.-UNESCO, 1980).³

O informe Mc Bride componse de cinco seccións. A primeira, titulada *Comunicación e sociedade*, expón algúns conceptos para analiza-la relación entre as dinámicas da comunicación e a organización social. A segunda parte, titulada *A comunicación hoxe*, tentou describi-las características estruturais da comunicación pública a fins dos anos setenta. No derradeiro capítulo da segunda parte, téntase describir por medio de comparacións cuantitativas as desigualdades de estruturas de comunicación en espazos rexionais, nacionais e internacionais. O terceiro capítulo, titulado *Problemática: preocupacións comúns*, aborda problemas institucionais e profesionais dos xornalistas. A cuarta parte, titulada *Cadro institucional e profesional* trata nos dereitos dos xornalistas e nas diferentes situacións dos profesionais en distintos países, apuntando tamén cuestións de interese como é o caso da función das investigacións xornalísticas e os códigos de conducta. A parte quinta e final do informe, titulada, *A comunicación mañá* componse de oitenta e dúas recomendacións para o desenvolvemento da comunicación e dunhas indicacións finais para o desenvolvemento de estudos.

Paga a pena lembrar algunhas das indicacións do informe MacBride, pomos por caso as dúas da páxina 434:

- a) Xa non se pode seguir considerando a comunicación a xeito de servizo accidental, e deixar que se desenvolva ó azar. O feito de recoñece-las súas posibilidades supón xustifica-la formulación por tódalas nacións, e en particular polos países en desenvolvemento, de políticas de comunicación globais, ligadas a obxectivos xerais de carácter social, cultural, económico e político e fundadas en consultas interministeriais e interdisciplinarias que entrañen ampla participación pública. A finalidade debe consistir en aproveita-la capacidade específica de cada forma de comunicación, dende as de carácter interpersoal e tradicional ata ás máis modernas, en facer que os homes e as sociedades sexan conscientes dos seus dereitos, en harmoniza-la unidade coa diversidade e en fomenta-lo desenvolvemento dos individuos e mailas comunidades no marco máis amplo do desenvolvemento nacional, nun mundo interdependente.

² Aijaz Ahmad (1992) expuxo criticamente a xénese da noción de “países non aliñados” nunha interesante síntese histórica. Cf. A. Ahmad, “Three Worlds Theory: End of a Debate” en *In Theory. Classes, Nations, Literature*. Londres, Verso, 1992, pp. 287-318.

³ Poden lerse reflexións recentes sobre a importancia do informe McBride, amais de defensa dos seus argumentos no libro editado por C. R. Vincent, K. Nordenstreng e M. Traber (1999). Cf. Vincent, C. R.; Nordenstreng, K. e Traber, M. R, *Towards Equity in Global Communication. McBride Update*. Cresskill (NJ), Hampton Press, 1999.

Véxanse tamén o número monográfico de revista *Quaderns del Consell de l’Audiovisual de Catalunya* adicado ó XXV aniversario do informe McBride. Cf. *Quaderns del CAC*, n. 21, gener-abril 2005.

- b) Como a lingua encarna a experiencia cultural dun pobo, cómpre desenvolver cada unha delas de xeito que satisfagan as complexas e múltiples esixencias da comunicación moderna. As nacións en desenvolvemento e mailas sociedades plurilingües deben formular políticas lingüísticas que faciliten o progreso de tódalas linguas nacionais, aínda que resulte necesario escoller unha ou varias delas para usalas máis amplamente na comunicación, o ensino superior e administración. En certos casos, pode xurdir tamén a necesidade de adaptar, simplificar e normaliza-los tipos de escrita, secomasí de concebir teclados de máquinas de escribir, dicionarios e instrumentos modernos de estudo das linguas e de transcribi-los textos literarios ás linguas nacionais máis difundidas. Habería que pensar na posibilidade de proporcionar interpretacións simultáneas e medios de tradución automáticos. Actualmente, están a se facer diversos experimentos encarreirados a facilita-la comunicación transcultural superando os obstáculos lingüísticos.

Na páxina 442, o informe MacBride advertía

27) A concentración das técnicas de comunicación nun número relativamente reducido de países desenvolvidos e nas empresas transnacionais trae consigo situacións de monopolio práctico neste campo. Por mor de contrarresta-las tales tendencias, débense tomar medidas nacionais e internacionais, entre elas a reforma da lexislación e a formulación de acordos internacionais relativos a estes temas, tamén se deben establecer leis e convenios en materia de patentes.

O comisión MacBride escribiu que é necesario modifica-la situación de dependencia cultural que padecen moitos países xa desenvolvidos ou aínda en desenvolvemento. Na páxina 442 pode lerse:

Recomendamo-lo seguinte:

28) Procede formular políticas culturais nacionais encamiñadas a fomenta-la identidade e a creatividade culturais, recorrendo para iso ós medios de comunicación social. Tales políticas deberían entrañar directrices que salvagarden o desenvolvemento cultural nacional á vez que facilitan o coñecemento das demais culturas. Cada cultura realza a súa propia identidade comparándose coas outras.
(1)

(1) Comentario de Séan MacBride: “Quero engadir que, debido á importancia cultural dos valores espirituais e relixiosos e tamén para restaura-los valores morais, en tódalas directrices relativas á formulación de políticas deberíanse ter en conta as crenzas e tradicións relixiosas.”

(2) Procede formular directrices adaptadas ás normas e prácticas nacionais e relativas ó contido da publicidade, secomasí ós valores e actitudes que fomentan. Tales directrices deberán ser compatibles coas políticas nacionais de desenvolvemento e cos esforzos encamiñados a conserva-la identidade cultural. Verbo do devandito, cabería crear diferentes dispositivos (comisións de usuarios e comité de exame das reclamacións, pomos por caso) para ofrecerlle ó público a posibilidade de reaccionar contra a publicidade que considera inapropiada.

Xeito de reduci-la comercialización da comunicación

Os efectos sociais da comercialización da comunicación constitúen un tema esencial de preocupación na formulación de políticas e na adopción de decisións por parte de organismos públicos e privados.

Recomendamo-lo seguinte:

31) Ten que ser posible dá-la preferencia, no fortalecemento dos sistemas de comunicación, a formas non comerciais de comunicación social. A promoción destes tipos de comunicación debería estar ligada ás tradicións, á cultura, ós obxectivos de desenvolvemento e ó sistema sociopolítico de cada país. Do mesmo xeito que o sector da educación, poderíanse asignar fondos públicos a tal fin.

32) Mesmo recoñecendo a necesidade de que os medios de comunicación sociais equilibren ingresos e gastos, habería que busca-lo xeito de reduci-los efectos negativos que poden te-las consideracións comerciais e financeiras sobre a organización e o contido das correntes nacionais e internacionais de comunicación. (*)

(*)Comentario de Elie Abel: “A Comisión non dispuxo en intre ningún de probas que corroboren a idea de que as consideracións comerciais exercen necesariamente efecto negativo sobre as correntes de comunicación. Por contra, gabou o valor do que dá mostras o xornalismo investigador que só poderá ser sostido por uns órganos de información independentes, que para sobrevivir necesitan implantarse no mercado, máis ca se congraciarse cos líderes políticos. Cóntalle tamén á comisión que os mecanismos de mercado desenvolven hoxe un papel de importancia crecente, mesmo nas chamadas economías planificadas.

33) É posible mellora-las estruturas actuais de financiación dos órganos de información somesas ás esixencias do mercado. Verbo diso, procede emprender estudos sobre o xeito de modifica-la importancia relativa do volume de publicidade con respecto ós custos, a política de prezos, as contribucións voluntarias, as subvencións, as taxas e outros medios de financiación con obxecto de promove-la función social dos órganos de comunicación social e aumenta-los servizos que prestan á comunidade.

2. *Crítica do informe MacBride.*

As limitacións do informe MacBride débense nomeadamente á imprecisión das xeralizacións. O MacBride é un informe suxestivo, honesto e cheo de indicacións proveitosas para calquera xornalista, pero por veces pode producirllo vágado de ollar de súpeto un cavorco dende o cimo dun monte. Podería dicirse que a parte primeira é inconsistente, pois non explica as causas históricas das estruturas de dependencia internacionais, e case dá nunha caste de “fenomenoloxía da dependencia”. Non se expón método ningún para a análise da sociedade e non se indica logo ningunha caste de causa, ou de multicausalidade, que determine ou sobredetermine as diferentes relacións de dependencia.

Quizais na altura de hoxe un dos aspectos que máis chamen a atención ó repasa-lo crucial informe MacBride é que non reparase particularmente nas chamadas “novas técnicas” de información e comunicación, malia poderen ser unha forma de novo colonialismo (Herbert Schiller publicara no boletín da UNESCO en 1978 un artigo moi claro verbo desta cuestión, titulado *Información por computadora. Para quién e a para qué*)⁴.

O informe MacBride desenvolveu o tópico da *Nova Orde Internacional da Comunicación*, mais non fixo ningunha caste de propostas para tal nova orde internacional nin para potencia-las políticas nacionais de comunicación que deben conducir cara a ela. Tal caste de propostas si se fixeron no documento publicado despois da reunión de países non aliñados celebrada en Bagdad en xuño de 1980, titulado *Resolutions of the Fourth Meeting of the Intergovernmental Coordination Council of the Non-Aligned Countries*.

Malia estas críticas, convén lembrar que o informe MacBride valeu ben para volver pór na mesa a cuestión da desigualdade de estruturas e fluxos de información e comunicación e para salienta-la importancia de tales estruturas e fluxos na organización e reprodución social. O informe MacBride é por veces impreciso e outras veces arbitrario, (pomos por caso á hora de considerar países desenvolvidos no que atinxe á dinámica da comunicación a todos aqueles nos que se vendan dez xornais e haxa cinco aparellos de radio e dous televisións por cada cen habitantes) mais, sexa como for, as restras de cifras que nos ofreceu axudan a ter en conta as grandes diferencias sociais que pode xerar ou contribuír a accelera-la comunicación.

⁴ Un estudo interesante e sintético verbo de Internet nun país pequeno é o de Miller e Slatter (2003). Cf. D. Miller e D. Slatter “Ethnography and the Extreme Internet” en Th. Hylland Eriksen (ed.) *Globalisation*. Londres, Pluto Press, 2003, pp. 39-57.

3. Desigualdade das estruturas de comunicación

No remate da segunda parte do MacBride trátase nas disparidades das estruturas de comunicación tanto dentro dunha rexión ou dun país coma no ámbito internacional. Lémbrenos que hai países pobres nos que o aumento da produción é máis lento có demográfico. Tamén se indica que en moitos países pobres e en desenvolvemento as emisións de televisión só chegan ás cidades e ós arredores, que moitas zonas rurais non teñen teléfono (como era o caso de Galicia ata a década pasada) e que nove de cada dez exemplares de prensa se venden nas cidades. Indícase que en moitos destes países o contido dos programas de televisión pode resultar totalmente alleo ós receptores. Segundo o anuario estatístico das Nacións Unidas de 1977, un estudio levado a cabo en 91 países en desenvolvemento indicou que a proporción de programas de televisión importados oscilaba entre o 30 e o 75%, mais o promedio era do 55%. Por veces a disparidade dáse no interior do país, un estudio da UNESCO feito en 1978 en Afganistán indicaba que o 87% das noticias referíanse a acontecementos da capital. Por outra banda, o informe MacBride indicaba que en moitos países en desenvolvemento gran parte das informacións sobre innovacións técnicas non chegan a quen as necesita.

Ó respecto do tratamento de minorías, o MacBride lembra un estudo do ano 75 no que se indica que as minorías étnicas do Brasil só dispoñen do 0'46% do tempo de emisión. O MacBride indicaba tamén que en Europa había cinco países con menos de 10 teléfonos por cada dez habitantes, en Australia había 180 comunidades aborixes sén teléfono e 105 sen aparello de radio ningún. Por mor de salienta-las disparidades en estruturas de comunicación, o informe MacBride indica que en Estados Unidos de América só o trece por cento das poboacións teñen máis dun xornal (aproximadamente, tres de cada cen cidades). O MacBride indicaba que nos países industrializados algúns aspectos da estratificación social ou factores tales coma a nacionalidade, o emprego ou a situación xeográfica fai que algúns grupos viren “desherdados da comunicación”.

O informe MacBride usa por veces a retórica numérica con algún acerto. Por mor de nos dar unha impresión xeral das desigualdades nas estruturas de comunicación, di que os chamados países en desenvolvemento de África, Asia e América latina teñen tres cuartas partes da poboación mundial, mais só dispoñen da metade de cabeceiras de xornais, cabeceiras que sumaban só a cuarta parte da tiraxe mundial. A tiraxe media era dun exemplar por cada tres persoas no norte de América, máis só dun xornal por cada noventa habitantes en África e dun por cada quince en Asia. Verbo da India, dísenos que tiña 835 xornais concentrados case só en cidades e cunha tiraxe de dezaseis exemplares por cada mil habitantes. A fins dos setenta había oito países africanos e tres árabes nos que non se editaba xornal ningún. Lémbrenos tamén que en moitos países en desenvolvemento os xornais de provincias ou cidades pequenas só saen unha vez por semana. De por parte, na altura de fins dos setenta, só tres cuartas partes dos países africanos e o sesenta por cento dos africanos tiñan emisoras de televisión, pois para moitos países era gasto inxustificable (a porcentaxe de países en desenvolvemento con emisoras de televisión de cor era moito menor).

CONSÚLTESE O CADRO SOBRE DISPARIDADES DE COMUNICACIÓN DA PAXINA 225.

O informe MacBride indícanos tamén que, canto máis complexa é a técnica, máis grande adoitaba se-la disparidade das estruturas de comunicación que se podían atopar en distintos países. Dise que o noventa e cinco por cento da capacidade computadora do mundo (medida polo valor comercial) localizábase nos países desenvolvidos e que a disparidade ía en aumento.

O informe da comisión MacBride non dá no determinismo técnico, pois advirte: “abofé que as infraestruturas só serven para ofrecer oportunidades. Para que os individuos poidan aproveitálas cómpre que os prezos sexan asequibles. O mellor método consiste en medi-lo prezo en horas de traballo. O prezo dunha subscripción anual a un xornal equivale a 22 horas de traballo nos Estados Unidos de América, 45 en Francia e 150 en Brasil. Un receptor de radio custaba de cinco a doce horas de traballo en Estados Unidos de América, trinta en Francia, 207 en Brasil e 357 en China, Un receptor de televisión en cor supuña 87 horas de traballo en Estados Unidos, trescentas en Francia, e mil cincocentas vinte en Brasil. Tamén en Brasil, o prezo dun receptor de tele en branco e negro equivalía a catrocenas noventa e unha horas de traballo, mais en China un receptor de branco e negro equivalía a setecenas cincuenta horas de traballo.

Outra comparanza do informe MacBride é a da proporción entre receptores de televisión e número de habitantes en distintas zonas do mundo. En Estados Unidos de América había un televisor por cada dous habitantes, en Europa e na Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas un por cada catro, en América latina un por cada doce, en Asia e nos países árabes un por cada corenta habitantes, en África un por cada

cincocentos habitantes. Amáis destes datos imprecisos mais esclarecedores verbo dos aparellos de recepción, indicábase que os países desenvolvidos ocupaban o noventa por cento do espectro radioeléctrico e espacio orbital dos satélites de comunicación e tamén tiñan máis número e potencia de emisoras. Sexa como for, compre lembrar que a dotación de estruturas de transmisión non garante a satisfacción das necesidades culturais e sociais de país ningún. Verbo desta cuestión é moi pertinente o ensaio de Raymond Williams (1983) *Culture and Technology* (hai versión castelá no libro editado co título *Hacia el año 2000*, editado en Barcelona na colección Crítica), onde se expón que se poden usar técnicas moi sofisticadas para difundir cultura de lixo e, por outra banda, técnicas moi sinxelas e asequibles para difundir alta cultura.

A segunda parte do informe MacBride conclúe indicando que os países chamados en desenvolvemento non só han aspirar a reduci-la disparidade cuantitativa de estruturas e de produtos, senón que han de pensar na autonomía informativa e formular políticas de comunicación. Tódolos países, logo os ricos tamén, han aceptar que a dinámica internacional da comunicación evolucione atendendo á independencia das decisións, á diversidade das sociedades e á participación democrática.

4. A problemática da comunicación segundo o informe MacBride

Da terceira parte do informe MacBride, cabe salienta-las consideracións relativas ós defectos de circulación da información. O informe dicía que á fin dos setenta había cada vez máis posibilidades de recibir información, pero decote se esquecía que na *Declaración Universal de Dereitos Humanos* se afirma o dereito a investigar e difundir informacións e opinións. Tamén se di que hai exceso de leis sobre difamación e que a difusión de informacións adoita ser obxecto de restricións importantes: secreto oficial, información considerada reservada ou silenciada por motivos de “seguridade”, etc. O MacBride indica que, malia o dereito dos Estados a que a información relativa a defensa nacional non pase ó dominio público, cómpre constatar en qué casos se abusa das leis cando se estende a aplicación á información de carácter político, á información relativa á técnica ou á industria ou, peor aínda, á expresión de opinións.

O informe MacBride indicaba que a censura era unha práctica moi xeralizada e distinguía diversos tipos de censura: previa, posterior á publicación, posterior á distribución, instrucións do goberno sobre o xeito de presenta-las noticias, lista de temas ou textos prohibidos, fiscalización de crónicas extranxeiras, supresión ou confiscación de instalacións, boicot a autores ou prohibición de manuscritos e mesmo expulsión de membros de asociacións xornalísticas (prohibición do carnet).

Verbo da censura, aclárase que non só a practican as autoridades estatais. Indícase que os monopolios da comunicación practican a censura ou dan en cousa parecida, porque os monopolios, aínda no caso de que non abusen do poder, non poden ofrecer tódolos datos nin chegar a tódalas fontes das sociedades; de por parte, a concentración da propiedade adoita homoxeneiza-las formas das reportaxes e as editoriais de xornais e medios nominalmente distintos. Tamén na parte dedicada á problemática dos medios, indicáse que as minorías non adoitan ter información, pois os medios funcionan xeralmente sen ter en conta as necesidades de moitos grupos sociais. A dinámica comercial exclúe a moitos grupos sociais da acción comunicativa, o informe pono claro ó dicir que as taxas dos servizos de axencias –mesmo as dos boletíns de prensa– eran caras de máis para a prensa media dos países en desenvolvemento, atranco que se veu engadir ó grande incremento do prezo do papel entre 1970 e 1977. O informe MacBride lembraba que moitos dos gobernos que facían repartos de papel entre os medios ou concedían subvencións para a adquisición de tal material podían dar por veces en discriminacións ilexítimas.

O informe MacBride, un pouco ó xeito do ensaio de Isaiah Berlin sobre os dous conceptos da liberdade, indica que pode haber dúas defensas da libre circulación da información. Dise: “Procede facer distinción... (...)...entre os que defenden a “liberdade de circulación” sen intención ningunha de monopoliza-la circulación de información e os que están decididos a manter e estende-la súa posición de monopolio e o *statu quo* da comunicación internacional e a utiliza-la doutrina da “libre circulación” para contrarresta-las críticas dos países en desenvolvemento.” O informe MacBride inclúe nunha nota a pé de páxina a seguinte declaración feita en xuño de 1979 por quen era director xeral da axencia Reuters, Gerald Long: “...as aspiracións dos países que consideran que as noticias que se refiren a eles son ruíns e insuficientes e non teñen posibilidades suficientes de ser coñecidas polo resto do mundo... Son totalmente lexítimas. Moitas das súas queixas están xustificadas, e incúmbenos a todos o deber de axudar a cumprir

tales aspiracións. Concordo con eles e afirmoo sen reservas.”⁵ O informe cita tamén a declaración de Nova Delhi de xullo de 1976 sobre a circulación de información: “Tal como é actualmente, a circulación mundial de información caracterízase pola insuficiencia e os desequilibrios graves. Os medios de comunicación e información están concentrados nalgúns países. A inmensa maioría dos outros vense obrigados a recibir pasivamente información difundida a partir dun pequeno número de centros. En tal situación, na que os medios de comunicación están dominados e monopolizados por uns poucos, a liberdade de información acaba significando a liberdade que teñen eses poucos para propagar información do xeito que lles convén e, igualmente, a privación práctica do dereito a informar e a ser informado dun xeito obxectivo e exacto para os demais.”

Á vista de tales condicións, a comisión MacBride propuña: establecer acordos entre países non aliñados para que as noticias que os atinxen teñan máis difusión, procurar acada-lo interese dos xornais máis importantes dos países industrializados, creación de centros de recursos para o intercambio de noticias, programas de televisión, filmes, etc. en África e Asia, incrementa-la cooperación rexional, mante-la publicación dun suplemento dedicado ó desenvolvemento da nova orde económica internacional por parte de dezaseis xornais no mundo desenvolvido (no que participaron *El País*, o *Excelsior* e *Le Monde*), desenvolvemento de planos de cooperación técnica e educativa, desenvolvemento de seminarios interprofesionais sobre asuntos da caste da nova orde internacional da comunicación e das relacións internacionais.

O MacBride subliñou as contradicións frecuentes nas conferencias internacionais sobre informática, di “nas conferencias sobre cooperación internacional en materia de informática e redes de transmisión de datos, os representantes de certos países que son decididos defensores da libre circulación de noticias amósanse decote moi reacios a autorizar que se comparta información de orde científica e técnica, declarando que os acordos bilaterais son, en xeral, preferibles ós internacionais. Secomasí, no tocante á xeralidade da circulación fóra das súas fronteiras, indican que os seus países teñen poucos medios de acción para amplia-lo acceso ós datos, xa que o seu goberno non controla de xeito ningún as empresas ou institucións privadas que os posúen. (Velaí o reverso do argumento segundo o que os gobernos teñen dereito soberano de control sobre a información que entra ou sae do país). Debido a isto, é moi frecuente que só algúns privilexiados teñan acceso a datos comerciais moi valiosos: información sobre patentes e produtos novos, análises de mercados, previsións dos prezos e das ofertas, movementos financeiros e monetarios, amais de resultados das investigacións industriais.” (MacBride, p. 251)

Outro do problemas fundamentais expostos na terceira parte do informe MacBride é a chamada “circulación de sentido único” da comunicación. O informe di que os vínculos entre os países en desenvolvemento, amais de recentes, son aínda elementos superviventes do anterior período colonial (ponse por caso que os medios de comunicación de Kenia se interesaban máis por Tanzania cá polo Zaire e os de Nixer publicaban moitas máis noticias dos países veciños de fala francesa cá de Nixeria). Tamén no tocante á circulación de noticias internacionais, indicábase que o oitenta por cento delas recibíanse despois de ser concentradas e escolmadas en Londres, Nova York e París. O informe MacBride recoñecía que era difícil dar cifras ou tendencias universais sobre as correntes ou fluxos de noticias, mais as grandes axencias só dedicaban entre un dez e un trinta por cento das noticias ós chamados países en desenvolvemento.

A respecto da información internacional, o informe apuntaba que os xornais sensacionalistas, a diferenza dos de calidade, publican poucas noticias do extranxeiro cando non se trata informacións sensacionalistas ou ligadas a persoeiros. A comisión recomendaba que os directores e redactores dos medios cambiasen este tipo de rotinas informativas. O informe MacBride matina que o fluxo ou circulación de sentido único amosábase na elección de temas, nos xuízos intrínsecos das presentacións, e nos temas implícitos ou marcos de interpretación das informacións, mais tamén na selección de libros traducidos e na música difundida polas emisoras de radio.

Na páxina douscentos vinte e cinco do MacBride cítase un estudo sobre a circulación de noticias realizado en Venezuela en 1977 e díse que nun día o país recibiu 1360 noticias procedentes de fontes exteriores, das que o 20’44% (278 noticias) procedían de Estados Unidos de América; ese mesmo día, os dez correspondentes de axencias que traballaban en Venezuela exportaron 71 noticias, das que só 20 chegaron ás axencias estadounidenses (16 aceptadas e difundidas por UPI e 4 por AP). O estudo indica que por cada cen noticias recibidas dos Estados Unidos de América, Venezuela non enviaba máis ca sete, polo conducto de AP e UPI. Máis significativa é a indicación de que nese mesmo día as noticias nacionais publicadas polos xornais venezolanos eran só o 5% das internacionais. O estudo amosa logo como os medios poden estar noi despegados do entorno social.

⁵ En sintonía coa apreciación de Gerald Long, son as recentes consideracións críticas de Hannerz (2004) sobre as tópicas superficies e fatalistas coas que se informa, mesmo durante décadas, de países ou grandes zonas xeográficas (de África, pomos por caso). Cf. U. Hannerz, *Foreign News*. Chicago, University of Chicago, 2004, pp. 102-146.

Tamén na terceira parte, o informe MacBride lembra que hai moitos países nos que ningún medio ten correspondentes internacionais e, amais, acontece decote que as noticias das axencias extranxeiras recíbense por contrata do goberno (que pode logo censura-la distribución de certos contidos). Esta indicación da “filtración censora” foi obxecto dun comentario particular da representante canadense Betty Zimmerman que se reproduce na páxina 256 e di: “É unha situación pouco corrente no caso dos organismos de televisión que conseguen grande cantidade de información gracias ós intercambios entre as unións rexionais de radiodifusión. Algúns grandes organismos de radiodifusión manteñen tamén correspondentes permanentes en moitas partes do mundo.” O comentario de Betty Zimmerman é particularmente pertinente para esclarece-los beneficios dos servizos públicos de información e comunicación.

O informe MacBride indicaba que para as grandes axencias de noticias os beneficios das exportacións ó terceiro mundo son marxinais e que as investigacións sobre a desigualdade informativa non son tan necesarias para amosa-lo palpable desequilibrio informativo coma para perfeccionar e aquilata-la análise cualitativa, por mor de chegar a algunha percepción máis clara dos aspectos culturais, sociais e políticos máis importantes da circulación en sentido único.

O informe MacBride expón que o desequilibrio das correntes de información ten por veces orixe nos propios países en desenvolvemento, pois a polarización de moitas sociedades entre minorías selectas e masas (ou entre minorías ricas e o resto da poboación) limita as actividades de comunicación xeral e diminúe a oferta e demanda no chamado “mercado da información”. Amais, nos países en desenvolvemento, a pobreza de infraestruturas e a escaseza de recursos financeiros e profesionais crea insuficiencias e desequilibrios que se plasman nas correntes internacionais de noticias, mensaxes e produtos culturais que os países chamados en desenvolvemento poderían difundir nos países desenvolvidos.

O informe MacBride mantén que a comunicación non debe considerarse ó xeito dunha actividade de produción coma calquera outra, pois “afecta profundamente ó marco psicolóxico e social no que vive a xente”. O informe di que o estudo do sector da comunicación non debe reducirse á descrición de noticias e datos, senón tamén analiza-los tipos de feitos e marcos de interpretación segundo os cales se pretende comprende-la realidade. Se os asuntos das noticias e os marcos de interpretación dos asuntos son importantes para a correlación social, non pode ser que algúns países sexan “só consumidores” de noticias e información. Verbo disto, a comisión MacBride expresaba o desexo de que se encomendasen traballos ós xornalistas do chamado “terceiro mundo”. Por outra banda, os xornalistas dos países menos ricos ou dotados de infraestruturas deben esforzarse en informar e difundir reportaxes sobre os seus países, deben contribuír a rebater prexuizos. O MacBride mantivo que os xornalistas dos chamados países do terceiro mundo deben ter ocasións máis frecuentes de informar e interpretar asuntos internacionais dende os seus puntos de vista.

O informe MacBride criticou a chamada “comunicación vertical” dicindo que o traballo dos xornalistas non consiste só en interesar ó público, senón en fomenta-lo seu acceso e participación (unha parte importante do labor profesional é, logo, crear novas concepcións ou mentalidades da comunicación social, abrir alternativas ó xeito de circulación da información que para algúns parece a única posible: a circulación de mensaxes non diversificadas, anónimas, unidireccionais e verticais). O informe MacBride repite palabras de Régis Debray nas que se advirte que o uso excesivo da comunicación unidireccional vertical pode acabar dislocando o funcionamento da sociedade. O texto citado de Debray (*Enseignement et média*, do 1979) di: “Os medios de comunicación de masas aportan imaxes do mundo e debates de ideas a un público máximo, cousa que é moi positiva. Pero non se pode esquecer que aportan tamén a idea que determina a selección, a montaxe e o comentario das ideas, e non se trata dunha idea calquera senón da idea que se fai do mundo o pequeno número dos que teñen o privilexio político e económico de distribuír ideas e imaxes a todo o mundo, con montaxe e comentarios...En troques, o decisivo son as trabas inherentes á índole mesma dos medios de comunicación de masas, que fan que non só sexan sinxelamente vehículos, senón mecanismos mentais...trátase de comunicación sen reciprocidade que, logo entón, habería que cualificar de difusión, xa que non hai retorno ou retroinformación nin intercambio...”

O informe MacBride tratou tamén na cuestión do dominio ou “doma” do mercado. Exponse que a información e maila distracción poden ofrecerse no mercado e que sería van rebelarse contral tal situación pero, a seguir, indicábase que as noticias non son unha mercadería coma calquera outra, “A información é un ben inmaterial e un servizo de grande valor, que procede avaliar en termos sociais e culturais máis ca económicos. Cómpre considerala ó xeito dos “bens tutelares” (esta expresión aplícase ós bens –pomos por caso a educación e mailos servizos sanitarios- que teñen tanta importancia para a sociedade que o suministro non debe depender únicamente das forzas do mercado). Amais, a información é un servizo que ten que existir antes de que poidan producirse e intercambiarse bens en xeral. Tales consideracións

deberían de servir de correctivo á conversión da información nun sinxelo ben de consumo.” (pp. 267-268).

O MacBride fai crítica da publicidade que explota as emocións, simplifica as situacións, explota a angustia e pode crear desconfianza cara ós pais nos nenos.

Na terceira parte do informe MacBride, é tamén salientable a sección dedicada a tratar nas características dominantes do contido da comunicación. Dise alí que “O individuo non pode comprender plenamente os acontecementos e asuntos que o afectan se non se lle proporciona, ó mesmo tempo que os feitos e a información bruta, un volume suficiente de datos explicativos variados e mesmo, se cómpre, discutidos.” O MacBride di logo que a mellora na circulación da información non virá só do incremento de colleita e difusión de noticias, senón da maior exactitude, idoneidade e oportunidade. Ben é certo que na actualidade hai cada vez máis grupos sociais con mellor acceso á información pero tamén é certo que boa parte das informacións xornalísticas caracterízanse polas lagoas e mailas deformacións. O informe MacBride trata nesta sección das deformacións de contido na circulación de noticias, di que as noticias deben transmitirse rápidamente despois dos acontecementos, ofrecer interese xeral, presentar información que non fora previamente recibida, apartarse da rutina cotiá e conter informacións necesarias para tomar decisións. De por parte, o informe di que, amais de ter en conta as devanditas condicións, cómpre situar os acontecementos para dar lugar á comprensión e interese, “nos países en desenvolvemento, considérase necesario amplia-lo concepto de noticia, co gallo de que englobe non só ós “acontecementos”, senón tamén os “procesos” enteiros.” (p. 273), cómpre evitar que os criterios de elección das noticias concedan importancia desorbitada ó anómalo nas informacións que tratan do terceiro mundo e, asemade, presten pouco interese ás informacións satisfactorias ou favorables; o informe di tamén que os profesionais non só han difundir reportaxes obxectivos sobre noticias “brutas”, senón tamén comentarios que ofrezan análise e ensino.

O informe MacBride advertía que en moitas noticias, amais de se deforma-lo contido con adxectivacións, informacións falsas ou interpretacións parciais, a dinámica da rutina xornalística fai que por veces a cobertura outorgada a moitos países dea preeminencia a acontecementos sen importancia; verbo disto, pon por caso que as noticias de aspectos parciais se presenten a xeito de todo, as informacións impliquen interpretacións erróneas, e a información anime temores sen fundamento ou esaxerados; entrementres, a dinámica informativa silencia feitos so pretexto de careceren de importancia.

A terceira parte do MacBride trata tamén na cuestión da alienación cultural. Advírtese que o chamado “xornalismo de crise”, a información carregada de tintes dramáticos, pode ter efectos perturbadores sobre a tranquilidade e racionalidade de moito público, pode levar a actitudes pechas e de rexeitamento do mundo exterior ou a reaccións impulsivas nas que non se teñan en conta as verdadeiras causas dos problemas e as frustracións propias. O informe MacBride di que a chamada “industria cultural” non só difunde tópicos, tamén crea e inflúe non só nos individuos, senón nas nacións. Lembra o informe que as nacións non só se enriquecen ó se pechar, senón polo desexo de comparti-las cousas. O informe confiaba en que a circulación internacional da información podería mellorar grazas ás traducións automáticas (cousa que parece un tanto inxenua)⁶. Di tamén que é importante que os individuos non se sintan eivados polas limitacións da lingua materna: “A non ser que os medios usen as linguas dos principais grupos do país, non podería existir un sistema válido de comunicación social, aqueles dos que a lingua fiquen excluída estarán privados do dereito a participar nos asuntos nacionais nos planos cultural, político e social” (P. 282).

O informe MacBride mantén que é crucial o fomento de culturas endóxeas e que “Cando existen tales políticas, cómpre determinar se son únicamente afirmacións optimistas de intención ou instrumentos prácticos, concretos, con alcance, recursos e capacidade de decisión suficiente para a aplicación.” (p. 283).

O MacBride menciona a noción de “vida privada cultural”, exposta nunha nota da páxina 283. Dise alí: “O concepto de vida privada cultural xa está a espertar certa atención e vai adquirir certamente importancia crecente nos dez anos próximos. Significa que culturas eventualmente ricas e intrínsecamente satisfactorias, mais relativamente febles a respecto das culturas contemporáneas, non poden asimila-lo contido de medios de comunicación baratos de produción extranxeira nin producir elas propias materiais que teñan impacto igualmente forte sobre o público. Con outros nomes, este concepto é ben coñecido polos canadenses.” (A fonte do MacBride é un texto de *Instant World*, Information Centre, Ottawa, 1971). Reflexións semellantes ás do informe MacBride son as de Néstor García-Canclini (2004) nas páxinas finais do libro “Desiguais, diferentes e desconectados” onde di que “a globalización desglobaliza”, quere dicir, que extensión de estruturas de distribución de produtos das grandes corporacións cinematográficas e televisivas (nomeadamente estadounidenses) dificulta a difusión de produtos de orixes diversas ó valerse de distintas estratexias para saturar e domina-los mercados. García-

⁶ Sobre a continxencia da traducción e as moitas limitacións das traducións automáticas, véxase, por exemplo, Eco (2003). Cf. U. Eco *Dire quasi la stesa cosa*. Milano, Bompiani, 2003.

Canclini indica como nas dúas últimas décadas foi decrecendo progresivamente a difusión de cinema mexicano no propio México, tamén decrecía a difusión de filmes de moitos outros países, pero medraba a difusión dos produtos corporativos estadounidenses. Para expor fenómenos desta caste di que “a globalización desglobaliza”⁷.

O informe MacBride indica como as dinámicas dos medios fan que decote as relacións culturais sexan desequilibradas : “os países desenvolvidos aproveitan o mellor das culturas de países en desenvolvemento (música, danza) e estes reciben o que, segundo tódalas normas obxectivas, pode considerarse o peor que producen.”(p. 284). O MacBride apunta tamén: “Os gustos socioculturais dos países estranxeiros foron estesamente difundidos e son decote coñecidos e admirados por moitos; imítanse e poden chegar a se-la norma de comportamento humano no países que están expostos a eles. Orabén, a imitación dunha cultura estranxeira non é o mesmo que o verdadeiro desenvolvemento dunha cultura nacional. A imitación pode inhibi-lo desenvolvemento da cultura nacional ó sometela a esquemas internacionais uniformes da cultura de masas.” (p. 285).

TEMA 9. CONTINUACIÓN

O xornalismo e a Declaración universal dos dereitos humanos

Os fundamentos internacionais do xornalismo, das emisións públicas e de toda actividade comunicativa pódense procurar nos acordos internacionais sobre liberdade de comunicación. O artigo número 19 da Declaración Universal de Dereitos Humanos (1948), estipula as cuestións relativas á liberdade de expresión, ratificadas polo Acordo Internacional dos Dereitos Cívís e Políticos, promulgado en 1966.

- c) Toda persoa ten dereito a manter opinións sen interferencia.
- d) Toda persoa ten dereito á liberdade de expresión; este dereito inclúe a liberdade de procurar, recibir e comunicar todo tipo de ideas sen que as fronteiras poidan ser impedimento, por medio da escrita, dos prelos ou da expresión oral, en forma de arte ou a través de calquera outro medio da súa elección.
- e) O exercicio do dereito previsto no parágrafo segundo deste artigo implica dereitos e responsabilidades especiais. Pode ficar logo suxeito a certas restricións, mais as tales serán só aquelas previstas polas leis e son necesarias para o respecto dos dereitos ou reputacións doutros ou para a protección da seguridade nacional, da orde pública ou da saúde e moralidade pública.

O artigo 29 do *Acordo Internacional sobre Dereitos Cívís e Políticos* tamén establece:

Prohíbese por lei toda propaganda bélica.

2. Prohíbese por lei toda defensa nacional, racial, ou odio relixioso que constitúan incitación á discriminación, hostilidade ou violencia.

Hai outros acordos internacionais que reiteran ou expanden as devanditas previsións. O *Acordo Americano sobre Dereitos Humanos* (asinado en 1969 e promulgado en 1978) está en vigor en moitos países occidentais e reitera en moitos aspectos a Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948. De por parte, o artigo 19 da Declaración Universal de Dereitos Humanos refundiuse no artigo 10 do *Acordo Europeo sobre Dereitos Humanos*:

- (3) Toda persoa ten dereito á liberdade de expresión. Este dereito inclúe a liberdade de manter opinións e de recibir e transmitir información e ideas sen interferencia ningunha por parte das autoridades e sen límites fronteirizos. Este artigo non empece que os estados poñan requisitos para a concesión de licencias de sistemas de emisións radiofónicas, televisivas ou de exhibicións cinematográficas.
- (4) O exercicio desta liberdade, no que implica de deberes e responsabilidades, pode estar suxeito ás formalidades, condicións, restricións ou penas prescritas polas leis necesarias en toda sociedade democrática por mor da seguridade nacional, integridade territorial ou seguridade pública, por

⁷ Véxase, García-Canclini (2004: 195-205). Cf. N.García-Canclini, *Diferentes, desiguales y desconectados. Mapas de la interculturalidad*. Barcelona, Gedisa, 2004.

prevención da desorde e do crime, por causa da protección da reputación ou dereitos doutros, por mor de preve-la revelación de informacións recibidas so reserva ou confidenciais, ou por mor de mante-la autoridade e imparcialidade da xudicatura.

Outro texto importante no tocante ó exercicio do xornalismo e a comunicación é o *Acordo Europeo sobre Televisión Transfronteiriza*, de 1989; o acordo complementase coas normas de emisión da directiva da Comunidade europea 89/552/CEE. As normas de emisión abranxen aspectos moi diferentes, como é o caso do dereito de réplica nas emisións públicas, as normas e restriccións de emisións publicitarias, as normas e restriccións de patrocinio, cooperación e coprodución nos países de Comunidade europea e a promoción de produción audiovisual europea.

No contexto internacional, o concepto compensatorio da liberdade de comunicación irrestricta é o de soberanía informativa. A soberanía informativa é a capacidade da nación ou comunidade para controla-la difusión dentro e a través das fronteiras e para preserva-la súa integridade e características culturais, sempre que se manteña o respecto ós dereitos básicos de procurar, recibir e transmitir información. Dous exemplos de accións legais orientadas á preservación da soberanía informativa serían a cota de filmes extranxeiros que se poden exhibir nun país e as lexislacións orientadas a asegura-la creación e mantemento de bases de datos relativas a actividades cruciais para a sociedade. A relación entre os conceptos de “liberdade para comunicar” e, por outra banda, “soberanía informativa” no nivel das nacións ou comunidades pódese enxergar de xeito paralelo ás chamadas teorías libertarias e, por outra banda, teorías da responsabilidade social dos medios (véxase a síntese de Denis McQuail en Introducción á teoría da comunicación de masas ou a exposición tamén sintética de Charles R. Wright no manual Comunicación da masas). A noción de soberanía informativa defendeuse no informe Mc Bride (1980), publicación da UNESCO titulada Un mundo e moitas voces. Informe da comisión internacional sobre problemas de comunicación. O informe McBride tentou dar conta do desequilibrio dos fluxos de información entre os países desenvolvidos e os países en desenvolvemento.

O xornalismo e a declaración de Munich

Os fundamentos da actividade xornalística poden procurarse nas leis e normativas que atinxen á actividade dos medios. Hai algúns autores ocupados en tratar o que chaman ética dos medios⁸. Os estudos de ética dos medios non se reducen ás discusións verbo do comportamento dos xornalistas, nin a como é que se deben comportar en situacións complicadas. Nos casos máis interesantes o estudos de “ética dos medios” investigan e cuestionan os principios que rexen o comportamento dos xornalistas, dos propietarios de empresas xornalísticas e dos gobernos, incluíndo tamén o que as audiencias, lectores e espectadores poden esperar dos medios (por veces fanse distincións entre varios tipos de público: medio, crítico ou informado, etc).

Os xornalistas traballan no marco das leis internacionais e das leis e normas estatais, mais todas derivan da noción de liberdade de expresión. Xa se citou o artigo 19 da Declaración universal de dereitos humanos, refundido e reflectido en moitos outros acordos internacionais e lexislacións estatais. De por parte, o artigo 12 da *Declaración universal de dereitos humanos* tamén se aplica ó funcionamento da prensa polo que atinxe á violación da intimidade e ós ataques ó honor e maila reputación. No tocante a tales infraccións, establece que “toda persoa ten dereito á protección da lei contra tales interferencias e ataques”. Os dereitos á información e á privacidade, malia non seren contradictorios, adoitan estar en tensión. A relación entre ambos a dous plásmase de diversas maneiras nomeadamente nas lexislacións estatais, nos códigos de conducta profesionais (alá onde os hai) e tamén nos costumes e hábitos da profesión. De por parte, os dereitos á información e á privacidade están plasmados tamén nos estatutos da Comunidade Europea.

As lexislacións estatais e comunitarias amosan variacións considerables. Case tódalas nacións teñen declaracións relativas á liberdade de expresión. Hai moitos países nos que se aprobaron códigos de conducta xornalística e tamén se crearon organismos para supervisa-la aplicación de tales códigos. Os códigos adoitan derivar das cuestións de liberdade de expresión, do dereito á privacidade e reputación e tamén das diferentes leis anti-libelo. Os aspectos comúns das normas das nacións desenvolvidas amósanse na *Declaración de Dereitos e Deberes dos Xornalistas* que circula entre algúns profesionais da

⁸ Véxanse, por exemplo, as aportacións de Gabriel Jaime Pérez (1997) no artigo “Communication Ethic in Latin American Context” e C. Christians e M. Traber (eds.)

Comunidade Europea. A declaración aprobouse nua reunión de xornalistas de seis países membros da Comunidade Europea celebrada en Munich en 1971. O preámbulo establece algúns principios xerais. O primeiro di que “o dereito á información e a liberdade de expresión e crítica é un dereito fundamental da humanidade”. Despois desta repetición da Declaración universal de dereitos humanos, o texto da reunión de xornalistas di que “os dereitos e deberes dos xornalistas dimanan do dereito do público a ser informado sobre acontecementos e opinións”. Dito noutras palabras, mantense que os xornalistas obteñen o dereito a actuar por mor dos dereitos públicos. Alén diso, non se declara dereito especial ningún en beneficio dos xornalistas.

No terceiro parágrafo do preámbulo, o documento declara que “a responsabilidade dos xornalistas cara ó público ten prioridade sobre calquera outra responsabilidade, e particularmente sobre as obrigas que se teñan cos patróns e as autoridades públicas”. Enfatízase, entón, máis una vez, a cuestión do servizo público e dáselle prioridade con respecto ós propietarios dos medios e as burocracias do momento. O cuarto parágrafo reconece que a procura e difusión de informacións pode xustificar actividades non desexables e di, logo: “a misión da información inclúe necesariamente restricións que os xornalistas se autoimpoñen espontaneamente. Tal é o obxecto da declaración de deberes formulada a seguir”.

O parágrafo final trata das condicións de traballo e da moralidade. Declárase que “os xornalistas, sexa como for, poden respecta-los devanditos deberes só cando se dan verdadeiramente condicións de independencia e dignidade profesional. Tal é o obxecto da seguinte declaración de dereitos.”

Velaí a declaración de dereitos de Munich:

As obrigas fundamentais dos xornalistas implicados na colleita, edición e comentario de noticias son:

- 1 Respecta-la verdade sexan cales foren as consecuencias que puidese ter, atendendo ó dereito do público a coñecela.
- 2 Defende-la liberdade de información, comentario e crítica.
- 3 Informar só dos feitos dos que se coñeza a fonte ou a orixe; non suprimir información esencial nin alterar textos e documentos.
- 4 Non usar métodos incorrectos para obter noticias, fotografías ou documentos.
- 5 Respecta-la privacidade.
- 6 Rectificar toda información publicada que se considere descoidada.
- 7 Mante-lo segredo profesional e non divulga-la fonte de información obtida so reserva.
- 8 Considerar graves ofensas profesionais as seguintes: plaxio, calumnia, difamación, libelo e acusacións infundadas, aceptacións de sobornos de calquera tipo quer para a publicación, quer para a supresión de noticias.
- 9 Non confundir nunca a profesión do xornalista coa do publicitario, axente de vendas ou propagandista e refugar todo tipo de ordes directas ou indirectas dos publicitarios.
- 10 Resistir todo tipo de presións e aceptar únicamente ordes editoriais dos responsables do consello de redacción.

Todo xornalista digno de tal nome considera que é o seu deber atender lealmente ós devanditos principios. No marco da lexislación xeral de cada país, os xornalistas reconecen, no que atinxe ás cuestións profesionais, únicamente a xurisdicción dos seus colegas, isto exclúe todo tipo de interferencias dos gobernos ou doutro tipo de organismos.

Declaración de dereitos

- 1 Os xornalistas reclaman acceso directo a tódalas fontes de información e o dereito a investigar libremente verbo de tódolos asuntos que afectan á vida pública. Pois logo, os segredos relativos

- ós asuntos públicos ou privados (relacionados coa vida pública) só poden ocultárselle ós xornalistas en casos excepcionais ou por motivos nidiamente expresos.
2. Os xornalistas teñen dereito a refuga-la subordinación a todo o que sexa contrario ás normas xerais do órgano informativo do que sexan membros contribuíntes, as normas han estar indicadas nas contratas ou nidiamente implicadas no funcionamento xeral do medio
 3. Ningún xornalista pode ser obrigado a levar a cabo actos profesionais ou expresar opinións que contraríen as súas conviccións ou conciencia.
 4. O consello de redacción debe estar informado de toda decisión importante que poida influír na vida da empresa. Como mínimo, debe ser consultado antes de toda decisión definitiva en cuestións relativas á composición do consello editorial (pomos por caso, incorporacións, despidos, restructuracións e promocións).
 5. Tendo en conta as correspondentes funcións e responsabilidades, os xornalistas non só teñen dereito ás vantaxes resultantes dos convenios colectivos senón tamén a unha contrata laboral individual que lles garanta a seguridade material e moral para o desenvolvemento do traballo, tamén a un sistema salarial en correspondencia coa súa condición social e que sexa garante de independencia económica.

Esta declaración de Munich parécenos moi significativa por dúas razóns. En primeiro lugar, representa os principios básicos a partir dos cales os xornalistas de toda Europa deben de establecer acordos comúns. En segundo lugar, identifica case enteiramente as restriccións coas que se adoitan defronta-los profesionais, ei-las:

- 1) As leis nacionais e internacionais e mailas normativas relativas á información.
- 2) As orientacións, accións e preferencias do goberno de turno.
- 3) As políticas, prácticas e actitudes dos propietarios dos medios.
- 4) As filosofías, prácticas, rotinas e actitudes dos colegas, directores incluídos (quere dicir, o que Gaye Tuchman (1972) chamou no artigo sobre “o ritual estratéxico da obxectividade” “coñecemento sagrado” e no libro de 1978 sobre a elaboración de noticias deu en chamar “paraideoloxía”).
- 5) As presións das sociedades e dos subgrupos que hai en cada sociedade.

Amáis das restriccións enumeradas, hai outras dúas que non se mencionan. A primeira é a debida ás técnicas, a segunda é a do acceso á información véxase o artigo de T. A. Van Dijk titulado “Discurso, poder e acceso” (Van Dijk, 1993). Este segundo aspecto, que incrementa moito a capacidade dos xornalistas para fornecer informacións e análises coidadas, tratárono moito os analistas estadounidenses. Se ben as sociedades adoitan ter grande interese en que se ofrezca ós xornalistas e os cidadáns en xeral a liberdade de procurar información e coñecemento, hai poucas institucións específicas que se ocupen de tales intereses en cada sociedade. Algúns países desenvolveron estatutos de acceso á información. O principio básico de tales documentos é que, en nome da democracia, a maior parte da información gubernamental debe ser accesible ó pobo. As excepcións ó acceso deberían ser poucas e xustificadas (pomos por caso as relativas á seguridade nacional, á protección da privacidade dos individuos, a da confidencialidade ou informes internos de funcionarios ou cargos ministeriais).

Os xornalistas e a factura (ou argallada) das noticias

Daniel J. Boorstin no primeiro capítulo do libro *The Image. A Guide to Pseudoevents in America* (1961) dicía que ó tempo xa eran frecuentes certas industrias da “información” ás que se lles pide que fabriquen novidades e mesmo fagan de deuses para nós. Boorstin dixo que tal foi a dinámica social que precedeu á instalación mediática dos que chamou pseudoacontecementos (dende fins dos sesenta, a palabra xa aparece no diccionario Oxford).

Por mor de expo-la noción de pseudoacontecemento, Daniel J. Boorstin, apóiase en Edward L. Bernays, autor que no libro *Crystallizing Public Opinion* (1923) contaba que para mellorar un hotel, máis ca

mellora-la cociña ou a moblaxe das habitacións, algúns hosteleiros preferían crear un consello de relacións públicas. O tal consello, pola súa vez, podía decidir facer unha reunión, crear un acontecemento (pomos por caso, un banquete) e conseguir que houbo logo unha noticia (aínda que só fose a noticia de que houbo un banquete).

O miolo da noción de pseudoacontecemento está no que entendamos por noticia. Boorstin dicía con xorna morna que “celebrada a celebración, fica probado que o hotel é unha institución distinguida... (...) ...o “consello” de relacións públicas, por coñecer cal é o valor das noticias, está en posición de facer que pasen cousas que son noticias”. Iso é facer noticias, o que os pedantes chaman “*newsmaking*”. Mais as noticias que se “fan” non son precisamente “reais”, hai certa diferenza entre a man do home e a de deus ou do demo. As noticias que se “fan” ou “argallan” veñen sendo para D. J. Boorstin “pseudoacontecementos”. Para Boorstin o *pseudoacontecemento* é unha acción que ten as seguintes características:

-Non é espontánea, mais chega a acontecer porque alguén a tramou, estableceu ou incitou. Típicamente, non é terremoto nin descarrilamento de tren ningún, senón unha entrevista⁹.

-Establécese primariamente (mais non sempre de xeito exclusivo) por mor do propósito inmediato de que se dea información ou se faga algunha caste de rexistro. Logo entón, tal acontecemento arránxase pola conveniencia de informar ou polo interese de facer funcionar ós medios. O éxito mídese pola amplitude da cobertura informativa. As relacións temporais son decote ficticias ou facciosas; o anuncio dáse en avance “para futura publicación” e está escrito como se a acción acontecese no pasado. A pregunta de se e “real” é menos importante ó respecto cá estoutra: “¿É noticiosa?”

-A relación coa realidade subxacente da situación é ambigua. O interese abrolla nomeadamente da propia ambigüidade. A respecto dos pseudoacontecementos a pregunta de ¿qué significa? cobra unha dimensión nova. Mentres que o interese do descarrilamento dun tren está no que aconteceu e nas tristes consecuencias, o interese dunha entrevista é sempre, neste senso, se de certo aconteceu algunha cousa e cales serían os motivos. ¿As declaracións significan verdadeiramente o que se dixo, isto é, o que din as palabras? Sen parte desta ambigüidade, os pseudoacontecementos non poden ser moi interesantes.

-Os pseudoacontecementos son decote profecías que se autocumpren¹⁰. A celebración do trixésimo aniversario dun hotel, ó dicir que o tal hotel é unha institución distinguida, fai que o sexa. A romaría do Monte do Faro foi durante os anos do goberno do Partido Popular o faro do monte de romarías informativas da prensa galega.

Segundo Boorstin, no derradeiro século, os pseudoacontecementos multiplicáronse, nomeadamente nos Estados Unidos de América e particularmente no mundo dos chamados asuntos públicos¹¹.

A grande demanda de produción e abasto de noticias comezara na prensa metropolitana a principios do século dezanove. Ata entón, os xornais enchíanse con noticias de segunda man e reimpresións de informacións escritas noutros medios locais ou extranxeiros. Non había aínda moita lexislación ó respecto das cuestións do plaxio e mailos dereitos de autor. Despois, dende principios do século vinte, os xornais adoitaron publicar informacións sobre cuestións de interese público escritas por testemuñas directas e informadores profesionais que paraban perto da escena ou do lugar dos feitos.

De por parte, o novo poder da imaxe levou a algúns xornalistas a preparar por anticipado as informacións e a depender cada vez máis das expectativas. Lectores e televidentes preferiron cada vez máis a “viveza” do relato cá “candidez” da fotografía ou a espontaneidade do que se contaba. Logo, coa dinámica da información horaria e a necesidade de ter noticias adicionais para cada edición ou emisión, fíxose necesario ir planificando as etapas nas que se íría revelando unha noticia¹². Despois das edicións

⁹ Sobre casos recentes destas prácticas, véxase por exemplo, El País, 1-XII-2003, p. 72. (Crónica de José Comas titulada: “Entrevistas a la carta en Alemania. Nueve diarios denuncian las manipulaciones y la censura de los políticos.”)

¹⁰ Verbo das “profecías que se autocumpren”, véxase R. K. Merton (1992: 505-520). Cf. R. K. Merton, *Teoría y estructura sociales*. México, F. C. E., 1992.

¹¹ Para o caso dos pseudoacontecementos da caste do “Foro de Davos”, organizado por unha empresa de relacións públicas, e tamén doutros rituais e escenificacións das relacións internacionais, véxase Dayan e Katz (1992). Cf. D. Dayan e E. Katz, *Media Events: The live broadcasting of history*. Cambridge (MA), Harvard University Press, 1992. Hai versión castelá editada en Barcelona por Gustavo Gili na colección Mass Media co título *La historia en directo*.

Tamén sobre o caso dos “pseudoacontecementos” de Davos, véxase o indicado por Ignacio Ramonet e Ramón Chao no libro *Abecedario (subjetivo) de la globalización*. Barcelona, Seix Barral, 2004.

¹² A “planificación de noticias” chegou case ó absurdo cos cadeas radiofónicas e televisivas da chamada “fórmula todo noticias”. Hai interesantes reflexións sobre a planificación de noticias insustanciais durante a “guerra do golfo”, ou primeiro ataque a Irak, de 1991, no libro de Tapio Varis, *Os medios na era do coñecemento*. O finés segue as interesantes reflexión de E. Katz verbo da “morte das noticias” nos “adiantos informativos” ou “especiais”. Cf. T. Varis, *Os medios na era do coñecemento*. Compostela, Lea, 1998.

semanais e diarias, empezou a febre das edicións extras. Houbo xornais, coma o *Philadelphia Evening Bulletin* que tiñan sete edicións diarias. Os xornalistas andaban sen acougo. Había cada vez máis “espacio informativo” e había que o encher con máis presteza. Para xustificá-las numerosas edicións, cumpría facer que cambiásen as noticias, ou cando menos que parecían cambiar. Os problemas fixéronse aínda máis intensos coa radio. Co incremento dos prezos dos materiais fíxose para que a prensa e maila televisión estivesen sempre ocupados. Medrou a presión para que se elaborasen pseudoacontecementos. A recollida de noticias convertiuse en “factura” de noticias.

A entrevista foi unha das maneiras de facer noticias que chegou no tempo da revolución gráfica. Logo foi elaborándose para salientala nas longas reixas da programación radiofónica e televisiva, ata chegar á chuvia de preguntas intrascendentes ás figuras públicas ou ás conversas longas e divagantes dos programas de tres horas¹³.

O “xénero xornalístico” da conferencia de prensa, non abrollou ata 1933, cando os correspondentes de distintos medios na capital estadounidense tiveron ocasión de interrogar con regularidade ó presidente cara a cara, mesmo de pinchalo un pouco, para que tomase posición verbo dalgúns asuntos públicos ou para que se negase a tomar posición. O feito mesmo de se negar a comparecer ante a prensa, do mesmo xeito que o feito de se negar a recibir a algún grupo de senadores ou parlamentarios residentes, virou noticia. O feito de que a frase “sen comentarios” virase noticia é logo moi recente.

A reputación dalgúns xornalistas vénlles da capacidade de faceren preguntas duras ou difíciles, de pór na primeira páxina ós políticos. Orabén, a viveza destas situacións que ocasionalmente poderíamos chamar de apuro, depende da colaboración e vontade das figuras públicas. Xa antes de 1950, había en Washington 1500 correspondentes e 3000 informadores ou xornalistas de gabinetes gubernamentais dispostos a informalos. A proporción era de 2/1. Arestora, cómpre ben sabermos cal é a proporción en Compostela.

Por veces a creación de pseudoacontecementos ten relación coa dinámica específica de certos medios. A emisión televisiva e en directo das conferencias de prensa regulares do presidente Kennedy, empezadas a emitir non ben asumiu a presidencia, cambiaron o estilo das propias conferencias de prensa. A partir de entón, os informadores, ou xornalistas, xa non foron tan importantes no que atinxe á transmisión dos intereses da presidencia. O novo tipo de comunicación, enzalzou as dimensións dramáticas ou, diríamos nós, parateatrais. Os xornalistas tiveron a posibilidade de virar unha caste críticos teatrais. Boorstin mantén que, malia todo, os xornalistas non perderon a condición de intérpretes da historia en curso: mesmo nos novos formatos da información, os xornalistas que teiman en se facer preguntas seguen a ser unha caste de tribunos do pobo, como apuntara con optimismo Robert E. Park no seu artigo de 1940 verbo da forma de coñecemento das noticias.

¹³ Un estudo recente verbo deste fenómeno é o titulado “News Interview” (A entrevista noticiosa) do libro de David L. Altheide (2002). Cf. David L. Altheide, *Creating Fear*. Nova York, Aldine de Gruyter, 2002.